

Anoitece nunha chaira. Unha esfera plateada agarrima a brétema que esvara entre as pólas dunha árbore triste.

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

Sodes poucos
E covardes
Unha nación de gando
Doado
De manter
En orde
A noite é fría
E a chaira
Ideal
Para enterrar
Os corpos
A noite é fría
E a lúa clara
Para acertar o tiro

HOME QUE SALTA A COMBA.–

non quero rir
teño os labios apodrecidos de riso amable
do lamentable
xesto de comprensión obrigada
de satisfacción comprada
a baixo prezo
odio a compracencia do riso brando
a compracencia do sorriso amable, branco
do riso que cuspe sobre a intelixencia
sobre o valor.
queren que ría
e cale
queren que ría
e obedeza
queren ría
e pague
odio ese lamentable panfleto a prol
da arrogancia do ignorante
ese lamentable canto a estupidez colectiva
preciso cuspir

non quero rir
cuspir sen metáfora
sen adxectivación nin paranomasia
si
só cuspir
sen circunloquio
nin pé de páxina
que xustifique o rigor da miña demanda
non preciso xustificarme
abóndame coa dor
para saber que aínda sigo vivo
e esa terrible sensación
que queda na miña lingua
de sequedade
nos meus labios
na miña gorxa
cando a insatisfacción e a impotencia
aderezan o meu almorzo
e as pegadas
polas rúas do meu país.

BAILARINA.—

Velaquí a miña traxedia.
Eu, Ofelia, condenada a bailar na pista
Obrigada a adornar co meu corpo
O cortello administrativo.
A meu pai matárono os fascistas
Pero hoxe non podo falar disto
Porque estamos en democracia
En democracia
Non se pode dicir
Que non se pode falar disto
Os filólogos chámano paradoxo

BONECA DO XVIII FRANCÉS, PRECIOSA
E ESBRANQUECIDA.—

Querida Ofelia:

BAILARINA.—

No meu país
A tolerancia consiste
En esquecer algunhas palabras

Entón eu non podo preguntar
Onde xaz o corpo de meu pai
Entón eu non podo pedir contas
Dos agarimos esvaídos
Dos bicos murchados
Dos abrazos roubados
Dos aloumiños perdidos
Vin en Palestina
Un pai que sostíña
A cabeza escachada
Do seu bebé
E pregunteime
¿A solidariedade internacional
Poderá conseguir
Que sexa eu a súa filla?
Así tería un pai a quen agarimar
Un colo onde descansar
Uns brazos en que protexerme
El tería un bebé polo que non laiar.
E curiosamente
E malia as distancias
E malia as diferencias

Os dous temos polo que maldicir
E polo que odiar.
Odio bailar
Odio estas zapatillas
Que apreixan os meus pés
Odio este corpo
Que me encerra en contorsiós
En evolucións
En beleza formal
Estaría bailando todo o día
Neste maldito escenario
¿E que diría?
Preciso berrar
Non bailar
Preciso dicir
Non bailar
Preciso falar
Non bailar
Xirar xirar xirar
No meu corpo de muller
Para facer bonito

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

¡Oh, que bonito, que bonito, oh!
¡Para facer bonito
No seu corpo de muller!

BONECA DO XVIII FRANCÉS, PRECIOSA
E ESBRANQUECIDA.—

Querida Ofelia:

BAILARINA.—

Preciso falar
Non bailar
Os pés afóganme
Enlíanseme ó corpo
E enlíanme o peito
Os brazos
Os labios
A lingua.
Miña nai morreu de cansanzo
Fregando nas escaleiras

Das casas dos liberais
Que defenderon o populacho
Rebentou no cuarto andar
Subindo un caldeiro de auga suxa
Porque botala na rúa
Deslucía o adoquín
Houbo un tempo
En que baixo os adoquíns
Había praias de area fina.
Agora están pringados
Co aceite do trafego
Dos que mudan de dirección.
Fiquei soa
E vin na televisión
unha muller negra en Sudán
Cos peitos estériles
E ó cabo dun pezón murcho
E agretado
Os dentes miúdos dun meniño morto
Cun rictus terrible de ansiedade
A nai choraba
Cos dentes do cadáver

Afincados no peito
Choraba e faláballe
Como se quixese espertalo
Como se lle dixese que voltase
Daquel sitio
Daquel lugar
Pobre analfabeta
Non sabía que Deus
Esgotara os favores
Co seu amigo Lázaro
De todas maneiras,
¿Quen podería lembrarse
Daquela negra en Sudán?

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

¡Oh, unha negra en Sudán, en Sudán, oh!
Para a negra
Unha moeda
Para a negra
Unha moeda

BAILARINA.—

¿Como podo falar da miña tristura
Da miña traxedia?
Son unha páxina en branco
Non teño palabras que me cubran
Estou soa
Coma sempre
Coma todos
Na procura dun adxectivo que me agarime
Quero amar
Quero amar
Saberme amada
E chorar de felicidade cando caia a tarde
E bicar.
Para os clásicos
A traxedia acontecía cando morría o heroe
Hoxe acontece que non temos heroes
E a traxedia é que continuamos vivos
¿Quen pode aturar este terrible peso
Sen erguer a ollada
Sen levantar o espírito
Esa cousa que se revira por dentro

Cando o noxo che cuspe no corazón
E che di
¿Estás vivo e non falas, estás vivo e bailas?
Ó son das tarxetas de crédito e do poliuretano
Que aílla os nosos corazóns
Dos cómodos prazos
A que vendiches a túa conciencia

HOME DO XIX, CON PARAUGAS ABERTO.–

Enterraremos os vosos
Corpos en
Escuras tumbas
Que agachen os vosos
Nomes
Borraremos a vosa
Memoria a vosa
Identidade
Non haberá lápida
Nin cruz
Nin pedra
Que vos sinale

Que diga
Aquí xaz alguén
Ninguén
Ha saber de vós
Tan só o vento
Que non fala
Tan só a noite
Que non ve
E así han ficar
As vosas fillas
As vosas viúvas
Cegas
E mudas

PAPÁ.—

Miña querida nena dous puntos cando leas esta carta os teus ollos encheranse de bágoas porque non terás pai que mire por ti punto de hoxe en diante debes camiñar soa pola vida e mirar ás túas costas coma pero por riba de todo mira cara a diante punto dille a tía que venda a casa e as terras da frouxeira

antes de que volas rouben punto cos cartos
marcha á cidade e non quedes na vila punto
estes canallas irán por ti punto teu papá que
te quere máis ca nada no mundo punto

BAILARINA.—

Quizais
Se conseguise tan só
Conseguise
Determe
Un instante
Un mínimo sopro
Quizais
Tería tempo
De atopar alguén

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

¿Cres que deixaría que os teus pés descansasen?
¿Que consentiría un minuto, tan só un segundo de paz para os teus músculos, de paz para as túas pernas doridas, lastimadas,

que permitiría un instante de acougo para tí?
Quero que bailes, que enredes os teus pés na
túa miseria, no teu medo, nos teus recordos

BAILARINA.—

Dóenme os pés

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

Baila

BAILARINA.—

Máncanme as zapatillas

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

¡Baila!

BAILARINA.—

Non podoo

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

É obvio que a violencia non é rentable
Cando é máis doado
Coller o auricular
E ameazar
Xogar coa vida
Xogar co pan
E só como último recurso
Unha descarga ou
Un tiro na cabeza
Desde a lexitimidade que nos confere
O sufraxio universal

BAILARINA.—

¡Non quero bailar!

BONECA FRANCESA DO XVIII,
PRECIOSA E ESBRANQUECIDA.—

Querida Ofelia: París é precioso. Todas as tardes vou á Pont Neuf a tirar pétalos e alí fico horas, sentada na ponte, e miro o Sena

baixar turbio engulindo as miñas flores. A vida é tan pracenteira aquí. O tempo nunca pasa. Só un recendo a solpor quente, silencioso. Ó caer a tarde o sol aloumiña as pedras de Sainte Eustaque e as parellas pasean polos seus xardíns. E sentan baixo os ameneiros. E as horas fican prendidas entre os susurros dos amantes. Cando morras vén a París, podemos pasear xuntas polo boulevard dos italiáns.

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

¿Pensabas que podías vivir á marxe? ¿Que a merda das cloacas non che chegaría ó pescozo, ó teu tenro pescozo de nena que papá nunca bicou?

PAPÁ.—

Miña querida filla dous puntos teño que aproveitar a oportunidade de enviarche esta carta polo crego que veu esta tarde a nos dar confesión punto eu non teño nada de que

me confesar coma sempre mirei por coidar da túa nai e de ti coma e por obrar con toda a decencia que me permitiu a vida punto non teño moito tempo para escribirche estas letras coma e tanta premura baleira de palabras a miña boca punto estou no cárcere con outros catro homes punto o máis vello é de Ortigueira e coñece a tío Adolfo punto sei como vai rematar isto coma cando me trouxeron á Coruña escoitei tiros a primeira noite punto lévannos á praia e alí fusílanos punto o único que lamento é non poder ver como medras e te fas unha muller punto nunca esquezas o pasado coma e lembra estas horas tráxicas que quererán borrar dos libros para encher o país de páxinas en branco punto teu papá que te quere punto

HOME DO XIX, CON PARAUGAS ABERTO.—

Papá non está, pequena puta, e o teu hamlet é un pobre covarde que se lamenta día tras día por non facer nada, por merodear a

miseria. Nunca te ha coñecer. É incapaz de ver máis aló do seu narís

BAILARINA.—

Se me bicase, eu podería deixar de bailar

HOME DO XIX, CON PARAUGAS
ABERTO.—

É un pusilánime

BAILARINA.—

Non me importa. Tamén eu son covarde

BONECA FRANCESA DO XVIII,
PRECIOSA E ESBRANQUECIDA.—

Querida Ofelia: A outra tarde na Pont Neuf un home cabaleiroso apresurouse a resgardarme da choiva. Eu tiraba pétalos, coma sempre, e comezou a orballar. Sentino chegar por detrás. É alto. E vigoroso. Convidoume a cear nun pequeno restaurante da

rua do Faubourg Montmartre: magrets de Canard con mel de acacias e uns exquisitos feuilletés de saucisson chaud con raisins de Corinthie. E para beber un Burdeaux tan aromático como as rosas do xardín Real. É o que ten París: aquí todo é fermoso.

HOME QUE SALTA A COMBA.–

¿cal é a cuestión?
¿o asunto central da miña derrota?
no centro da miseria observo un exquisito
cortexo de cadáveres.
camiñan polas rúas do meu país
escoito as súas pegadas
escoito os seus laios
que se derrotan polo asfalto.
¿acaso non son eu un cadáver?
¿un corpo baleiro sen sospiro
e co sangue enfermo
de prosperidade, poliéster
e algo de metacrilato?
observo

sentado
nesta fría cadeira
esa reunión de heterodoxos mercaderes
de ideoloxía
mercaderes de pensamento reconvertible
que disputan con elegancia
os despoxos da ruína.
non fica nada
apenas
sobre os restos da antiga fortaleza
un retal
un esgazo de patria
que corre apreixado a un mastro.
sobre os restos da antiga fortaleza
o vento sacude unha bandeira
xa non se adiviñan nela cores
nin blasón nin figuras.
os vermes devoran todo
os víveres as roupas
as follas dos libros que unha vez lin
as partituras dunha música xa esquecida
e a súa escolta de librepensadores

apura e pelexa
por aproveitar as migallas
que aqueles van deixando.
non preciso ir a oriente medio
nin recorrer os andes de norte a sur
non preciso visitar os suburbios de manila
nin os arrabaldos de sao paulo
non preciso camiñar
polas ruelas de soweto
nin asistir
impresionado
ás matanzas en centroeuropa.
a miseria está na casa.
mentres a vida se desangra
e morren os nenos
no deserto de afganistán
miña patria disfruta
feliz
a rebaixa do seu crédito hipotecario.
impertérrito
meu país observa os amaños
entre capuletos e montescos

mentres electra
astuta
sabe negociar unha saída para o seu futuro
político.
por iso, neste pequeno
espacio
que fica entre o anterior verso
e o meu corazón
sobra sitio
para ser
solidario:
¡non á intervención militar!
é algo doado de berrar
agora que venden por catálogo
e a módico prezo
profilácticos para ollos
e grandes condóns onde preservar os corazóns.
lamento a rima:
en ocasións
ata a merda arrecende.